

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

*RESOLUCIÓN do 16 de xaneiro de 2025 pola que se dá publicidade da relación de sociedades de garantía recíproca e entidades de crédito adheridas ao convenio para a habilitación dun marco de apoio ao acceso ao financiamento das pequenas e medianas empresas, coas sociedades de garantía recíproca (financiamento Igape-pemes) (código de procedemento IG535A).*

O Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica, na súa xuntanza do día 26 de decembro de 2024, acordou, por unanimidade dos seus membros asistentes, a aprobación das bases reguladoras do marco de apoio ao acceso ao crédito das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio coas sociedades de garantía recíproca e as entidades de crédito adheridas (financiamento Igape-Pemes) para o ano 2025. As ditas bases publicáronse mediante a Resolución do 8 de xaneiro de 2025 (DOG núm. 7, do 13 de xaneiro).

O artigo 20.3 das ditas bases establece que as entidades asinantes e adheridas ao convenio se relacionan no anexo VII a estas bases, e a adhesión pode limitarse a algunha das liñas de financiamento recollidas no anexo I, caso en que se recollerá expresamente.

Polo que antecede, en virtude das facultades que teño conferidas,

**RESOLVO:**

Único. Publicar o anexo VII das bases reguladoras do marco de apoio ao acceso ao crédito das pequenas e medianas empresas coa relación de sociedades de garantía recíproca asinantes e entidades de crédito adheridas ao convenio para a habilitación dun marco de apoio ao acceso ao financiamento das pequenas e medianas empresas, suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as sociedades de garantía recíproca (financiamento Igape-pemes) para o ano 2025.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2025

Covadonga Toca Carús  
Directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica



**ANEXO VII****Relación de sociedades de garantía recíproca e entidades de crédito adheridas****IG535A - Marco de apoio ao acceso ao crédito das pequenas e medianas empresas (Financiamento Igape-pemes)**

Cooperativas de crédito	Bancos	Fondos de titulación	SGR
Caixa Rural Galega Cajamar Caja Rural	Bankinter Abanca Banco de Sabadell BBVA Banco Santander	Aquisgran	Sogarpo, S.G.R. Afigal, S.G.R. Iberaval, S.G.R.

